

An abstract painting with a textured, layered appearance. The color palette is dominated by warm tones like ochre, yellow, and brown, interspersed with cooler tones of blue and grey. The brushstrokes are visible and expressive, creating a sense of depth and movement. The overall composition is non-representational, focusing on color and form.

**Programación
Didáctica
Curso 21/22**

Índice**1º de ESO**

| | |
|--|----|
| 1. Introducción e contextualización._____ | 3 |
| 2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave._____ | 4 |
| 3. Obxectivos xerais da Educación Secundaria Obligatoria._____ | 6 |
| 4. Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación , estándares de aprendizaxe e competencias clave._____ | 8 |
| 5. Temporalización._____ | 16 |
| 6. Grao mínimo de consecución para superar a materia._____ | 17 |
| 7. Procedementos e instrumentos de avaliación._____ | 17 |
| 8. Concrecións metodolóxicas que require a materia._____ | 18 |
| 9. Materiais e recursos didácticos._____ | 18 |
| 10. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado._____ | 19 |
| 11. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente_ | 20 |
| 12. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentas._____ | 21 |
| 13. Deseño da avaliación inicial._____ | 21 |
| 14. Medidas de atención á diversidade._____ | 21 |
| 15. Concreción dos elementos transversais._____ | 22 |
| 16. Actividades complementarias e extraescolares._____ | 22 |
| 17. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora._____ | 23 |

1. Introducción e contextualización

1º de ESO

Se noutras épocas históricas era a palabra, tanto na súa expresión oral como escrita, a principal forma de expresión e de transmisión de ideas e sentimentos, non cabe dúbida de que na época na que estamos inmersos/as a imaxe cobrou un protagonismo sen precedentes en ningunha outra época da historia da humanidade.

Estamos nun mundo globalizado (cada vez máis) onde a cultura e a información plástica e visual son, non só enormes e esenciais, senón na maioría dos casos o elemento central da comunicación ou da relación entre as empresas, as culturas e as persoas individuais. A imaxe é un elemento esencial nas comunicacións actuais (correos electrónicos, páxinas web, redes sociais, televisión, etc.), razón pola cal a aprendizaxe do seu manexo, comprensión e manipulación son esenciais; e deben ser, polo tanto, o obxectivo central da aprendizaxe dos nosos alumnos. O noso centro é rural e con pouco alumnado pero non por iso a importancia da imaxe e do seu deixan de ser unha parte importante e necesaria para a súa completa educación. A alfabetización Audiovisual é imprescindible hoxe en día. O noso centro deberá, nas distintas materias, dar solución ao manexo e integración a unha cultura onde a imaxe e as súas particularidades e manexo son o día a día do noso alumnado. A materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual parte dos bloques impartidos na educación primaria na área de Educación Artística. A parte destinada á educación plástica xa anticipaba os mesmos bloques dos que parte a materia en ESO, baixo as denominacións de "**Educación audiovisual**", "**Debuxo técnico**" e "**Expresión artística**". No curso primeiro da ESO.

A materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual parte dos bloques impartidos na educación primaria na área de Educación Artística. A parte destinada á educación plástica xa anticipaba os mesmos bloques dos que parte a materia en ESO, baixo as denominacións de "Educación audiovisual", "Debuxo técnico" e "Expresión artística".

Nos tres primeiros cursos da ESO esta materia estrutúrase en tres bloques: "Expresión plástica", "Comunicación audiovisual" e "Debuxo técnico". En cuarto da ESO os bloques nos que se estrutura a materia son: "Expresión plástica", "Debuxo técnico", "Fundamentos do deseño" e "Linguaxe audiovisual e multimedia".

O bloque de "Expresión plástica" experimenta con materiais e técnicas diversas na aprendizaxe do proceso de creación. Inténtase darlle ao alumnado unha maior autonomía na creación de obras persoais, axudando a planificar mellor os pasos na realización de proxectos artísticos, tanto propios coma colectivos.

Analízanse as características da linguaxe audiovisual desde a cal se realiza a análise crítica das imaxes que nos rodean. Faise, tamén, especial fincapé no uso das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas á imaxe.

No bloque titulado "Debuxo técnico" trasládanse coñecementos teórico-prácticos sobre formas xeométricas e sistemas de representación, e aplícanse estes coñecementos á resolución de problemas e á realización de deseños.

No cuarto curso, considerando a madureza do alumnado e os coñecementos adquiridos, incorpórase o bloque de "Fundamentos do deseño", que vai permitir o coñecemento dos fundamentos do deseño nas súas diferentes áreas, desenvolvendo, desde un punto de vista práctico, os coñecementos adquiridos no resto de bloques.

2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

1º de ESO

Son aquelas competencias que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego. A LOMCE contempla as seguintes competencias clave:

1. Comunicación lingüística.
1. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
2. Competencia dixital.
3. Aprender a aprender.
4. Competencias sociais e cívicas.
5. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
7. Conciencia e expresións culturais.

Na área de Educación Plástica, Visual e Audiovisual incidiremos no adestramento de todas as competencias de maneira sistemática facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

Comunicación lingüística (CL)

Esta área contribúe á adquisición da competencia lingüística na medida que favorece a comprensión e expresión oral e escrita ao promover o coñecemento e a utilización do vocabulario específico referido á expresión artística e ao explorar diferentes canles de comunicación.

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)

A área é unha oportunidade para utilizar a linguaxe simbólica así como a profundización en aspectos espaciais da realidade e a súa representación gráfica. Tamén na área adéstranse procedementos relacionados co método científico, como son: a observación, a experimentación, o descubrimento, a reflexión e a análise.

3. Competencia dixital

Dentro da área aparecen contidos que fan referencia á contorna audiovisual e multimedia dando especial importancia ao uso de ferramentas tecnolóxicas, para a creación de producións audiovisuais.

4. Competencia Aprender a aprender (CAA)

Esta materia contribuirá á competencia para aprender a aprender na medida en que favoreza a reflexión sobre os procesos e a propia experimentación creativa, xa que esta implica a toma de conciencia das propias capacidades e recursos, así como a aceptación dos propios erros como instrumento de mellora.

5. Competencias sociais e cívicas (CSC)

Esta área é unha boa ferramenta para potenciar a competencia social e cívica. Na medida que as producións artísticas pódense expor como traballo en equipo, sendo unha oportunidade para fomentar a cooperación, o respecto, a tolerancia, etc. Por outra banda o fomento da creatividade na aula, leva a valorar diversos enfoques e formulacións.

6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Esta área colabora en gran medida na adquisición do sentido de iniciativa e espírito emprendedor xa que en todo proceso de creación hai que converter unha idea nun produto e para iso hanse de desenvolver estratexias de planificación, de previsión de recursos, de anticipación e avaliación de resultados. Este proceso, sitúa ao alumnado ante un proceso que lle obriga a tomar decisións de maneira autónoma. Todo isto, xunto co espírito creativo, a experimentación, a investigación, e a autocrítica fomentan a iniciativa e o espírito emprendedor.

7. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A área de Educación Plástica, Visual e Audiovisual contribúe, especialmente, a adquirir a competencia artística e cultural. Xa que se pon a énfase en ampliar o coñecemento dos diferentes códigos artísticos e na utilización das técnicas e os recursos que lles son propios. O alumnado aprende a mirar, ver, observar e percibir, e desde o coñecemento da linguaxe visual, a apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas. Por outra banda, contribúese a esta competencia cando se experimenta e investiga con diversidade de técnicas plásticas e visuais e é capaz de

expresarse a través da imaxe.

3. Obxectivos xerais da Educación Secundaria Obrigatoria

1º de ESO

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a. Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b. Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c. Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d. Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.
- e. Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e da comunicación.
- f. Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g. Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h. Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a houberse, na lingua cooficial da comunidade autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

- i. Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- j. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k. Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio, e contribuír así á súa conservación e mellora.
- l. Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

4. Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación , estándares de aprendizaxe e competencias clave

| Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso | | | | |
|---|--|--|--|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| Bloque 1. Expresión plástica | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ n | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Elementos configurativos da imaxe: punto, liña e plano. ▪ B1.2. Aprecio do uso que os/as artistas fan do punto, a liña e o plano para aplicalo ás propias composicións. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Identificar os elementos configuradores da imaxe. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.1.1. Identifica e valora a importancia do punto, a liña e o plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ n | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. O punto como o elemento máis sinxelo na comunicación visual. ▪ B1.4. Posibilidades gráficas e expresivas da liña en relación ao seu trazado, o seu grosor ou a súa velocidade. ▪ B1.5. Calidades do plano como elemento compositivo e como construtor de volume. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Experimentar coas variacións formais do punto, o plano e a liña. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.2.1. Analiza os ritmos lineais mediante a observación de elementos orgánicos na paisaxe, nos obxectos e en composicións artísticas, empregándoos como inspiración en creacións gráfico-plásticas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.2.2. Experimenta co punto, a liña e o plano co concepto de ritmo, aplicándoos de forma libre e espontánea. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.2.3. Experimenta co valor expresivo da liña e o punto e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tombado ou vertical) e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada, estruturadas xeometricamente ou máis libres e espontáneas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC |

| Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso | | | | |
|---|--|---|--|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ n ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Elementos de expresión plástica: liña, textura e cor. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Expresar emocións utilizando distintos elementos configurativos e recursos gráficos: liña, puntos, cores, texturas, claroscuros, etc. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.3.1. Realiza composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.). | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ f ▪ n | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Composición: elementos. ▪ B1.8. O ritmo na composición. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Identificar e aplicar os conceptos de equilibrio, proporción e ritmo en composicións básicas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.4.1. Analiza, identifica e explica oralmente, por escrito e graficamente, o esquema compositivo básico de obras de arte e obras propias, atendendo aos conceptos de equilibrio, proporción e ritmo. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.4.2. Realiza composicións básicas con diferentes técnicas segundo as propostas establecidas por escrito. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.4.3. Realiza composicións modulares con diferentes procedementos gráfico-plásticos en aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSIEE |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.4.4. Representa obxectos illados e agrupados do natural ou do ámbito inmediato, proporcionándoos en relación coas súas características formais e en relación co seu ámbito. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ a | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. A cor coma fenómeno físico e | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Experimentar coas cores | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.5.1. Experimenta coas cores | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC |

| Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso | | | | |
|--|--|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ d ▪ n | visual. Mestura aditiva e mestura substractiva. <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.10. Círculo cromático. Cores complementarias. | primarias e secundarias. | primarias e secundarias, estudando a síntese aditiva e substractiva e as cores complementarias. | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ f ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.11. Texturas naturais e artificiais. Capacidade expresiva das texturas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.6.1. Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ e ▪ f ▪ g ▪ n | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.12. Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas: témpera, lapis de grafito e de cor; colaxe. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.7.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.7.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.7.3. Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.7.4. Utiliza o papel como | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA |

| Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | <p>material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles, para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.7.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos. ▪ EPVAB1.7.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas. ▪ EPVAB1.7.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde e estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSC ▪ CSC |
| Bloque 2. Comunicación audiovisual | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ e ▪ f | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Imaxe e a comunicación visual. Iconicidade. Graos de iconicidade. Imaxe figurativa e imaxe abstracta. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Recoñecer os graos de iconicidade en imaxes presentes no ámbito comunicativo. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.1.1. Diferencia imaxes figurativas de abstractas. ▪ EPVAB2.1.2. Recoñece graos de iconicidade nunha serie de imaxes. ▪ EPVAB2.1.3. Crea imaxes con distintos graos de iconicidade baseándose nun mesmo tema. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCL ▪ CD |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ a | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Comunicación visual. Símbolos e iconas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Distinguir e crear tipos de imaxes segundo a súa relación | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.2.1. Distingue símbolos de iconas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL |

| Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso | | | | |
|--|--|--|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ f ▪ l ▪ o | | <p>significante-significado: símbolos e iconas.</p> | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.2.2. Deseña símbolos e iconas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CD |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ f ▪ g ▪ i ▪ h ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. O cómic: medio de expresión. Linguaxe do cómic. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Analizar e realizar cómics aplicando os recursos de adecuadamente. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.3.1. Deseña un cómic utilizando adecuadamente viñetas e lendas, globos, liñas cinéticas e onomatopeas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ e ▪ h ▪ ñ ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Comunicación visual: características e elementos que interveñen nela. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Diferenciar e analizar os elementos que interveñen nun acto de comunicación. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.4.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación visual. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e ▪ f ▪ h ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Funcións das mensaxes na comunicación visual e audiovisual. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Recoñecer as funcións da comunicación. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.5.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación audiovisual. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.5.2. Distingue a función ou funcións que predominan en mensaxes visuais e audiovisuais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CD |
| Bloque 3. Debuxo técnico | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ n ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Elementos xeométricos fundamentais: punto, liñas e direccións. Posicións relativas entre rectas: paralelas, cortantes e perpendiculares. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Comprender e empregar os conceptos espaciais do punto, a liña e o plano. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.1.1. Traza as rectas que pasan por cada par de puntos, usando a regra, e resalta o triángulo que se forma. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA |

| Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso | | | | |
|--|---|--|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ n ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Manexo da escuadra e cartabón para o trazado de paralelas, perpendiculares e rectas a 45º. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Construír distintos tipos de rectas, utilizando a escuadra e o cartabón, despois de repasar previamente estes conceptos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.2.1. Traza rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ n ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Circunferencia e círculo. A circunferencia como lugar xeométrico básico no plano. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Coñecer con fluidez os conceptos de circunferencia, círculo e arco. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.3.1. Constrúe unha circunferencia lobulada de seis elementos, utilizando o compás. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CD |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ n ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Manexo do compás. Dividir a circunferencia en dous, catro, seis ou oito partes iguais, usando o compás. Realizar motivos decorativos co manexo do compás. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Utilizar o compás, realizando exercicios variados para familiarizarse con esta ferramenta. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.4.1. Divide a circunferencia en seis partes iguais, usando o compás, e debuxa coa regra o hexágono regular e o triángulo equilátero que se posibilita. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Ángulos. Clasificación de ángulos y posicións relativas. ▪ B3.6. Trazado de ángulos con escuadra e cartabón. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Comprender o concepto de ángulo e bisectriz e a clasificación de ángulos agudos, rectos e obtusos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.5.1. Identifica os ángulos de 30º, 45º, 60º e 90º na escuadra e no cartabón. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Realizar operacións con ángulos. Medidas angulares. Transporte de medidas angulares. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Estudar a suma e a resta de ángulos, e comprender a forma de medilos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.6.1. Suma ou resta ángulos positivos ou negativos con regra e compás. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8. Bisectriz dun ángulo. A bisectriz como lugar xeométrico básico no plano. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Estudar o concepto de bisectriz e o seu proceso de construción. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.7.1. Constrúe a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ g ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.9. Concepto de medida. Operacións con segmentos coa axuda da regra ou utilizando o compás. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8. Diferenciar claramente entre recta e segmento tomando medidas de segmentos coa regra ou utilizando o compás. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.8.1. Suma ou resta segmentos, sobre unha recta, medindo coa regra ou utilizando o compás. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.10. Mediatriz dun segmento. A | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.9. Trazar a mediatriz dun | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.9.1. Traza a mediatriz dun | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT |

| Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso | | | | |
|--|--|--|--|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ mediatriz como lugar xeométrico básico no plano. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón. | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.11. Teorema de Thales. Aplicacións do teorema de Thales para dividir un segmento en partes iguais e para a escala dun polígono. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.10. Estudar as aplicacións do teorema de Thales. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.10.1. Divide un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Thales. ▪ EPVAB3.10.2. Escala un polígono aplicando o teorema de Thales. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSIEE |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ g ▪ f ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.12. Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.11. Coñecer lugares xeométricos e definilos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.11.1. Explica, verbalmente ou por escrito, os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisección, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.). | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ n ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.13. Triángulos. Clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos. Propiedade fundamental dos triángulos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.12. Comprender a clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.12.1. Clasifica calquera triángulo, observando os seus lados e os seus ángulos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ n ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.14. Construción de triángulos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.13. Construír triángulos coñecendo tres dos seus datos (lados ou ángulos). | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.13.1. Constrúe un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres lados, utilizando correctamente as ferramentas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.15. Liñas e puntos notables dos triángulos. Alturas, medianas, bisectrices e mediatrices dos triángulos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.14. Analizar as propiedades de puntos e rectas característicos dun triángulo. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.14.1. Determina o baricentro, o incentro ou o circuncentro de calquera triángulo, construíndo previamente as medianas, as bisectrices ou as mediatrices correspondentes. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE |

| Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso | | | | |
|--|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.16. Triángulo rectángulo: características e construción dun. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.15. Coñecer as propiedades xeométricas e matemáticas dos triángulos rectángulos, e aplicarlas con propiedade á construción destes. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.15.1. Debuxa un triángulo rectángulo coñecendo a hipotenusa e un cateto. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ n | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.17. Cuadriláteros: clasificación e propiedades. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.16. Coñecer os tipos de cuadriláteros. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.16.1. Clasifica correctamente cuadrilátero. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ n | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.18. Construción de cuadriláteros. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.17. Executar as construcións máis habituais de paralelogramos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.17.1. Constrúe calquera paralelogramo coñecendo dous lados consecutivos e unha diagonal. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ n | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.19. Polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.18. Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.18.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ n ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.20. Construción de polígonos regulares inscritos nunha circunferencia. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.19. Estudar a construción dos polígonos regulares inscritos na circunferencia. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.19.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, inscritos nunha circunferencia. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT |

5. Temporalización

1º de ESO

A contidos da área de Educación Plástica, Visual e Audiovisual agrúpanse en varios bloques.

Os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe fórmulanse para o primeiro ciclo de Educación Secundaria.

O alumnado deberá adquirir uns coñecementos e unhas destrezas básicas que lle permitan adquirir unha cultura plástica e visual.

1ª Avaliación: Bloque 1. Debuxo técnico

1. Útiles para o debuxo técnico: emprego da escuadra e o cartabón, representación de ángulos co xogo de escuadras.
2. Operacións con segmentos: trazar un segmento igual a outro, suma e resta de segmentos.
3. Trazado de perpendiculares e paralelas con escuadra e cartabón.
4. Trazado de perpendiculares e paralelas con compás.
5. Ángulos. Clasificación, operacións con ángulos. Suma, resta, divisións.
6. Proporcionalidade: división dun segmento mediante o teorema de Thales.
7. Lugares xeométricos: Mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos.
8. Resolución de trazados con rectas e curvas.
9. Os triángulos: clasificación e trazados.
10. Os cuadriláteros: clasificación e trazados.
11. Os polígonos: tipos de polígonos, concepto de polígono regular.

2ª Avaliación: Bloque 2. Comunicación audiovisual

1. Elementos da comunicación visual: emisor, receptor, mensaxe, código.
2. Significación das imaxes: significante-significado. Símbolos e iconas, iconicidad.
3. Elementos da imaxe e a súa significación. Encadre, formato e composición.
4. proceso de elaboración da mensaxe audiovisual da imaxe fixa á imaxe en movemento.
5. El cómic.

3ª Avaliación: Bloque 3. Expresión plástica

1. Os elementos configuradores da imaxe: o punto, a liña, o plano e o claroscuro.
2. A cor: cores primarias e secundarias, as súas mesturas, gamas de cores cálidas e frías, cores complementarios.

3. As texturas: textura visual e textura táctil.
4. Técnicas para a creación de texturas.
5. Realización dun proceso creativo persoal seguindo as distintas fases: idea inicial, bosquejos, probas, execución definitiva.
6. Avaliación e análise de procesos creativos.
7. A colaxe, distintos procedementos: corte, rasgado, encartado, figuras tridimensionais.
8. Procedementos e técnicas: secas, húmidas e mixtas, utilización e conservación dos materiais, traballo con materiais reciclados.

6. Grao mínimo de consecución para superar a materia

1º de ESO

1. Manexo e coñecemento dos útiles empregados durante o curso.
2. Interpretación dos elementos estruturais da imaxe: liñas, puntos, planos, formas, luz, volume, cor, tamaño e textura.
3. Acerto e habilidade nas mesturas das cores no círculo cromático
4. Lugares xeométricos: Mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos
5. Os triángulos: clasificación e trazados.
6. Os cuadriláteros: clasificación e trazados
7. Constancia no traballo.
8. Calidade gráfica dos acabados.

7. Procedementos e instrumentos de avaliación

1º de ESO

No inicio do curso realizarase unha **avaliación inicial** para detectar as posíbeis carencias básicas ou instrumentais que poidan por en marcha a necesaria atención específica, adaptación curricular ou atención á diversidade A materia de **educación plástica, visual e audiovisual** é eminentemente **práctica**, polo tanto o corpo fundamental dela basearase no traballo do alumno na **práctica das técnicas** para acadar o axeitado dominio da materia.

Ensino Presencial

- **Procedemento:**

En cada avaliación ou profesor terá en conta para a cualificación do alumno todas as anotacións do caderno de seguimento individual do alumnado.

- **Instrumentos:**

A avaliación global consistirá na valoración dos seguintes apartados:

- **Control do traballo diario.**
- **Láminas de traballo.**
- **Actividades na aula e na casa.**
- **Proba escrita.**
- **Actitude e interese:** O comportamento, a toma de notas e a responsabilidade do material requirido.
- **Esforzo:** Predisposición. Realización dos traballos propios dá clase e a participación nas actividades extraescolares. Afán de superación.
- **Uso do material:** O alumno coidara e manexará ou seu material correctamente. Ás tres faltas baixarase 1 punto na avaliación.
Debido ás circunstancias, este curso escolar **NON se poderá prestar o material dispoñible do aula, por lo que, NON TRAER O MATERIAL a clase ou aos exames, poderá significar, non poder realizalos.**
- **Presentación:** Limpeza e claridade nos traballos. Entrega nos prazos establecidos.

Ensino Semipresencial

- **Instrumentos:**

A avaliación global consistirá na valoración dos seguintes apartados:

- **Control do traballo diario.**
- **Láminas de traballo.**
- **Actividades na aula e na casa.**
- **Proba escrita.**
- **Interese:** O comportamento, a toma de notas e a responsabilidade do material requirido.
- **Actitude:** na aula e no caso das clases online, **conexión ás clases virtuais e participación nas mesmas.**
- **Esforzo:** Predisposición. Realización dos traballos propios dá clase e a participación nas actividades extraescolares. Afán de superación.
- **Uso do material:** O alumno coidara e manexará ou seu material correctamente. Ás tres faltas baixarase 1 punto na avaliación.
Debido ás circunstancias, este curso escolar **NON se poderá prestar o material dispoñible do aula, por lo que, NON TRAER O MATERIAL a clase ou aos exames, poderá significar, non poder realizalos.**

- **Presentación:** Limpeza e claridade nos traballos. Entrega nos prazos establecidos.
- **No caso que polas circunstancias sanitarias, no se puidese entregar na aula,** o alumnado entregará os traballos e/ou láminas vía email.

Ensino Telemática

- **Instrumentos.**

- Intercambios escritos e orais de material para a execución do proposto con imaxes e vídeos cos alumnos/as a través do correo electrónico, WhatsApp e plataforma Cisco Webex.
- Exposición dos contidos e imaxes a través das videoconferencias.
- **Actitude: Conexión ás clases virtuais e participación nas mesmas.**
- Entrega das actividades propostas na data marcada.
- Exames feitos de xeito telemática.

8. Concrecións metodolóxicas que require a materia

1º de ESO

Metodoloxía e actividades no caso do ensino presencial

- Exposición oral e gráfica por parte do profesor da unidade didáctica correspondente ou fracción da mesma e resolución das posibles dúbidas que puidera ter o alumnado.
- O alumnado realizará un traballo práctico durante as horas de clase relacionado coa explicación previa, consistente nun exercicio artístico ou na execución de unha lámina en formato DIN A4, no caso de debuxo xeométrico, contando coa asistencia do profesor durante o proceso.
- Recollida dos traballos na data previamente sinalada. No caso que o alumno/a non presente a lámina en dito prazo, será contabilizada como “non presentada” e constará como “0”.
- Corrección dos traballos e resolución das dúbidas que puideran quedar pendentes.
- No caso de que un alumno presentara traballos non satisfactorios, deseñaranse actividades de apoio individualizadas. Segundo o criterio do profesor/a, o alumnado cunha lámina non aprobada, poderá repetir dita lámina para superala.

Metodoloxía e actividades no caso do ensino Semipresencial

Metodoloxía e actividades.

- Na metodoloxía no ensino semipresencial, a parte máis teórica da materia, e

exposición das imaxes, se impartirá na aula, así como a resolución de dúbidas das actividades e exercicios propostos, deixando a parte máis práctica de actividades e exercicios, para traballo na casa. No caso que a situación o requirira, se fará esta fase de explicación e aclaración de dúbidas, de xeito telemática a través de Cisco Webex e coa posibilidade que che dá a plataforma de compartir pantalla e unha tableta gráfica pola parte da docente, corríxanse os exercicios en directo e resolveranse as dúbidas con todos os alumnos/ as en liña.

- Explicarase a teoría dos contidos a dar e os procedementos a seguir para levar a cabo moitas das prácticas e exercicios que se farán. Polo tanto, se lle entregará unha batería de actividades ou traballo de investigación para realizar nun prazo determinado. O alumnado terá que entregar devanditos exercicios e traballos realizados, para poder cualificalos, no prazo establecido. No caso que a situación o requirira, se fará esta fase de corrección, de xeito telemática a través de Cisco Webex e coa posibilidade que che dá a plataforma de compartir pantalla e unha tableta gráfica pola parte da docente, corríxanse os exercicios en directo e resolveranse as dúbidas con todos os alumnos/ as en liña.
- Usarase a aula virtual para subir actividades e traballos.
- *No caso, que polas circunstancias actuais, os exames, non se puideran facer na aula, o alumnado o fará dende a súa casa. Se lle enviara ao través no correo electrónico o exame personalizado, o cal terá que reenvialo feito ao través do mesmo xeito á profesora. (ensino semipresencial e telemática)*

Metodoloxía e actividades no caso do ensino Telemático

Metodoloxía e actividades.

- Na metodoloxía no ensino telemática, a parte teórica da materia, así como a resolución de dúbidas das actividades e exercicios propostos, a través de Cisco Webex e coa posibilidade que che dá a plataforma de compartir pantalla e unha tableta gráfica pola parte da docente, corríxanse os exercicios en directo e resolveranse as dúbidas con todos os alumnos/ as en liña.
- Explicarase a teoría dos contidos e a exposición das imaxes a dar e os procedementos a seguir para levar a cabo as prácticas, exercicios e traballos de investigación que se farán. Polo tanto, se lle entregará unha batería de exercicios a realizar nun prazo determinado. O alumnado terá que entregar devanditos exercicios realizados, para poder cualificalos, no prazo establecido. Despois de ser entregados, se levará a cabo a corrección e resolución de dúbidas que xurdisen no procedemento Esta fase de corrección, de xeito telemática a través de Cisco Webex e coa posibilidade que che dá a plataforma de compartir pantalla e unha tableta gráfica pola parte da docente, corríxanse os exercicios en directo e resolveranse as dúbidas con todos os alumnos/ as en liña.
- Usarase a aula virtual para subir actividades e traballos.
- *No caso, que polas circunstancias actuais, os exames, non se puideran facer na aula, o alumnado o fará dende a súa casa. Se lle enviara ao través no correo electrónico o exame personalizado, o cal terá que reenvialo feito ao través do*

9. Materiais e recursos didácticos

1º de ESO

En xeral

- Láminas en branco . Formato DIN A4 e A3.
- Rotuladores, lápices de cores e témperas.
- Lapis brando (HB-2B).
- Goma branda.
- Tesoiras, cola.

Para trazados xeométricos

- Portaminas de 0,5mm (2H)
- Rotulador técnico (0,4 ou 0,5mm)
- Compás
- Escuadra e cartabón
- Regra

Outros recursos didácticos

- Aula de plástica con mesas de debuxo e mesas de traballo.
- Pila de auga con billa.
- Ordenador con canón para as exposicións de SUMARTE AL ARTE.
- Botes de cores (gouache).
- Tórculo de estampar.
- Volumes xeométricos.
- Estatuas de escaiola.

RECURSOS ONLINE

- Conexión a Internet.
- Conta de correo electrónico.
- Cámara web.
- Micrófono.
- Móbil con conexión a Internet.
- Tableta gráfica.
- Aula virtual.

- **Criterios de cualificación.**

- **Cualificación da avaliación:**

- **Traballos prácticos** desenvolvidos por cada alumno.
- **Traballo teórico.** Preparación dos temas de arte nas unidades especificadas.
- **A claridade conceptual;** que o alumnos asimilara perfectamente os contidos e saiba manifestalo de forma concluínte.
- **A orixinalidade nas súas creacións;** esta idea vai asociada á anterior xa que se o alumno ha obtido un obxectivo, é capaz de dar unha resposta propia e persoal ao assimilar plenamente o concepto.
- **Limpeza** na execución non só entendida coma xeito técnica se non tamén como efectividade intelectual á hora de se expresar .
- **A actitude na aula,** Traer o material axeitado, traballar de forma precisa, comportamento e atención, trato cos compañeiros e participación. **As faltas de orde** restarán 0.5 puntos por cada unha delas, o alumnado será previamente avisado.
- Para **aprobar unha avaliación**, a nota mínima deberá de ser de 5 puntos sobre 10 e, para facer media o alumnado deberá de ter realizado todos os traballos prácticos se ben, para os alumnado con adaptación curricular , o profesor poderá eximir de algunha lámina .
- Non se recollerá ningún exercicio fora do prazo establecido pola profesora.
- Caso de non cumprirse algún distes requirimentos o alumno será considerado insuficiente. **Non se poderá aprobar a materia de EPVA**, de no haber feito e entregado na data fixada, tódalas láminas propostas en cada unha das avaliacións.
- Realizaranse unha probas en cada avaliación cunha valoración máxima de cada unha de 10 puntos.
- Non haberá exame de **recuperación**.
- **A nota da avaliación** será a media aritmética entre a nota das láminas e/ou traballos, a proba escrita e actitude na clase e coa materia. (táboa)

- A avaliación será continua sempre e cando o alumno presentase todos os traballos, sen embargo, o profesor procurará avaliar o traballo total do curso conxuntamente cos intereses particulares do alumno e a súa situación.
- **O alumnado que non realice as actividades durante o curso, os debuxos non superen o suficiente e os exames non estean superados, deberán realizar para a convocatoria extraordinaria de setembro, unha serie de láminas que no superarán o 50% dos traballos realizados no curso, ademais dun exame con preguntas sobre os conceptos teóricos e prácticos da materia.**

| FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN | PORCENTAXE NA CALIFICACIÓN |
|--------------------------------|----------------------------|
| Traballos prácticos / teóricos | 70% |
| Exames | 20% |
| Actitude | 10% |
| Faltas de orde | -0,5 |

- **Xuño**

Farase un único exame da materia. Non se gardarán partes aprobadas nin computarase o punto das láminas.

- Realización dun exame que tratará sobre os contidos mínimos e que poderá ter unha valoración máxima de 10 puntos.
- Ademais, o alumnado terá que entregar feitas, as láminas que se lles entregou.
- **A nota da avaliación extraordinaria de setembro, se fará cunha media entre as láminas entregadas e a proba escrita.**
 - **70% Proba escrita**
 - **30% láminas feitas e entregadas.**
 - **Non haberá tanto por cento da actitude.**

Ensino Semipresencial

- **Criterios de cualificación.**

Cualificación da avaliación:

- **Traballos prácticos** desenvolvidos por cada alumno.
- **Traballo teórico.** Preparación dos temas de arte nas unidades especificadas.

- **A claridade conceptual;** que o alumnos asimilara perfectamente os contidos e saiba manifestalo de forma concluínte.
- **A orixinalidade nas súas creacións;** esta idea vai asociada á anterior xa que se o alumno ha obtido un obxectivo, é capaz de dar unha resposta propia e persoal ao assimilar plenamente o concepto.
- **Limpeza** na execución non só entendida coma xeito técnica se non tamén como efectividade intelectual á hora de se expresar .
- **A actitude na aula,** Traer o material axeitado, traballar de forma precisa, comportamento e atención, trato cos compañeiros e participación.
- **A actitude, no caso das clases online, será a conexión ás clases virtuais e participación nas mesmas.**
- Para **aprobar unha avaliación,** a nota mínima deberá de ser de 5 puntos sobre 10 e, para facer media o alumnado deberá de ter realizado todos os traballos prácticos se ben, para os alumnado con adaptación curricular , o profesor poderá eximir de algunha lámina .
- **Non se recollerá ningún exercicio fora do prazo establecido pola profesora.**
- Caso de non cumprirse algún destes requirimentos o alumno será considerado insuficiente. **Non se poderá aprobar a materia de EPVA,** de no haber feito e entregado na data fixada, tódalas láminas propostas en cada unha das avaliacións.
- Realizaranse unha probas en cada avaliación cunha valoración máxima de cada unha de 10 puntos.
- No caso que a proba non se puidera facer na aula, se fará dende a casa. O tempo será limitado e o alumnado deberá que ter a cámara apta de xeito que a profesora poda ver ao alumno/a.
- Non haberá exame de **recuperación.**
- **A nota da avaliación** será a media aritmética entre a nota das láminas e/ou traballos, a proba escrita e actitude na clase e coa materia. (táboa)
- A avaliación será continua sempre e cando o alumno presentase todos os traballos, sen embargo, o profesor procurará avaliar o traballo total do curso conxuntamente cos intereses particulares do alumno e a súa situación.
- **O alumnado que non realice as actividades durante o curso, os debuxos non superen o suficiente e os exames non estean superados, deberán realizar para a convocatoria extraordinaria de setembro, unha**

serie de láminas que no superarán o 50% dos traballos realizados no curso, ademais dun exame con preguntas sobre os conceptos teóricos e prácticos da materia.

Semipresencial

| FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN | PORCENTAXE NA CALIFICACIÓN |
|--------------------------------|----------------------------|
| Traballos prácticos / teóricos | 70% |
| Exames | 20% |
| Actitude | 10% |

Ensino Telemática

- **Criterios de cualificación.**

Cualificación da avaliación:

- **Traballos prácticos** desenvolvidos por cada alumno.
- **Traballo teórico.** Preparación dos temas de arte nas unidades especificadas.
- **A claridade conceptual;** que o alumnos asimilara perfectamente os contidos e saiba manifestalo de forma concluínte.
- **A orixinalidade nas súas creacións;** esta idea vai asociada á anterior xa que se o alumno ha obtido un obxectivo, é capaz de dar unha resposta propia e persoal ao assimilar plenamente o concepto.
- **Limpeza** na execución non só entendida coma xeito técnica se non tamén como efectividade intelectual á hora de se expresar .
- **A actitude, no caso das clases online, será a conexión ás clases virtuais e participación nas mesmas.**
- Para **aprobar unha avaliación**, a nota mínima deberá de ser de 5 puntos sobre 10 e, para facer media o alumnado deberá de ter realizado todos os traballos prácticos se ben, para os alumnado con adaptación curricular , o profesor poderá eximir de algunha lámina .
- **Non se recollerá ningún exercicio fora do prazo establecido pola profesora.**
- Caso de non cumprirse algún destes requirimentos o alumno será considerado insuficiente. **Non se poderá aprobar a materia de EPVA**, de no haber feito e entregado na data fixada, tódalas láminas propostas en cada unha das avaliacións.

- Realizaranse unha probas en cada avaliación cunha valoración máxima de cada unha de 10 puntos.
- No caso que a proba non se puidera facer na aula, se fará dende a casa. O tempo será limitado e o alumnado deberá que ter a cámara apta de xeito que a profesora poda ver ao alumno/a.
- Non haberá exame de **recuperación**.
- **A nota da avaliación** será a media aritmética entre a nota das láminas e/ou traballos, a proba escrita e actitude na clase e coa materia. (táboa)
- A avaliación será continua sempre e cando o alumno presentase todos os traballos, sen embargo, o profesor procurará avaliar o traballo total do curso conxuntamente cos intereses particulares do alumno e a súa situación.
- **O alumnado que non realice as actividades durante o curso, os debuxos non superen o suficiente e os exames non estean superados, deberán realizar para a convocatoria extraordinaria de setembro, unha serie de láminas que no superarán o 50% dos traballos realizados no curso, ademais dun exame con preguntas sobre os conceptos teóricos e prácticos da materia.**

Telemática

| FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN | PORCENTAXE NA CALIFICACIÓN |
|--------------------------------|----------------------------|
| Traballos prácticos / teóricos | 70% |
| Exames | 20% |
| Actitude | 10% |

11. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

1º de ESO

O indicador de logro máis importante, para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente, vai ser o resultado, individual e de grupo, de cada avaliación. Cando se reúne a xunta de avaliación, en cada unha das tres avaliacións, cada profesor ve os resultados (non só numéricos, senón de capacidades, estratexias e actitudes) dos alumnos. De cada alumno en particular e do grupo en xeral. A materia de educación plástica e audiovisual é unha materia particular en moitos aspectos: Non hai exames, o traballo desenrólase por

proxectos e prácticas na maioría dos casos, a adquisición de coñecementos e a adquisición de destrezas vai da man da práctica cotiá. Tendo en conta o anterior, os resultados na avaliación teñen aspectos particulares nesta materia. Cando os resultados dunha avaliación sexan moi dispares (tendo en conta os aspectos particulares salientados anteriormente) dos do resto das materias, o profesor estudará e tomará as medidas correctoras nas exposicións didácticas e na práctica docente.

12. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

1º de ESO

1. Os alumnos pendentes realizarán unha proba ordinaria a finais de curso e outra extraordinaria, no seu caso, no mes de setembro.
2. O departamento de Plástica-Debuxo propoñerá as probas mencionadas no punto anterior baseándose no currículo e os criterios de avaliación da materia de educación plástica e audiovisual de ESO.
3. Os alumnos poderán realizar durante o curso **tres traballos** en cada trimestre, co asesoramento para consulta de dúbidas e correccións, do Xefe de Seminario.
4. Unha vez entregado cada traballo na data marcada, o seminario o avaliará, previa comprobación de que o mesmo foi realizado polo alumno.
5. Se os traballos son avaliados positivamente, o seminario decidirá, en función da calidade dos mesmos, se o alumno debe ou non presentarse á proba (ordinaria ou extraordinaria) .
6. Se dous traballos ou máis son avaliados negativamente o alumno deberá presentarse á proba final; no entanto teráselle en conta o traballo realizado.

13. Deseño da avaliación inicial

1º de ESO

O aspecto máis importante da avaliación inicial é a identificación dos coñecementos previos sobre os que se van a construír os novos aprendizaxes.

Dado o carácter esencialmente práctico de esta materia, os coñecementos previos no 1º da ESO necesarios son escasos, polo que o procedemento da realización da avaliación inicial vai a consistir na observación visual directa e personalizada dos primeiros traballos, que se propoñan e recollan no caderno do alumno.

14. Medidas de atención á diversidade

1º de ESO

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento achega do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información achega de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

Identificar aos alumnos ou ás alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe.

Saber as medidas organizativas a adoptar. Planificación de reforzos, ubicación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual.

Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van a empregar.

Analizar o modelo de seguimento que se vai a utilizar con cada un deles.

Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van a evaluar os progresos destes estudantes.

Fixar o modo en que se vai a compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe.

15. Concreción dos elementos transversais

1º de ESO

Respectando o tratamento específico nalgúñas áreas, os elementos transversais, tales como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendimiento e a educación cívica e constitucional, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

Por outra banda, o desenvolvemento e a aprendizaxe dos valores, presentes en todas as áreas, axudarán a que os nosos alumnos e alumnas aprendan a desenvolverse nunha sociedade ben consolidada na que todos podamos vivir, e en cuxa construción colaboren.

A diversidade dos nosos alumnos e alumnas, cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, hanos de conducir a traballar desde as diferentes potencialidades de cada un deles, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades

16. Actividades complementarias e extraescolares

1º de ESO

Non están previstas actividades complementarias e extraescolares (máis aló das inherentes ó estudio e exercicio da materia por parte do alumno na súa casa). Se dése a posibilidade de asistir a algunha exposición de interese para a materia aproveitaríase.

17. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

1º de ESO

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado no aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo, propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller mellóralas no seguinte. Dita ferramenta descríbese a continuación.

| ASPECTOS A AVALIAR | A DESTACAR | A MELLORAR | PROPUESTAS DE MELLORA PERSONAL |
|--|------------|------------|--------------------------------|
| Temporalización das unidades didácticas | | | |
| Desenrolo dos obxectivos didácticos | | | |
| Manexo dos contidos da unidade | | | |
| Realización das tarefas | | | |
| Estratexias metodolóxicas seleccionadas | | | |
| Recursos | | | |
| Claridade nos criterios da avaliación | | | |
| Uso das diversas ferramentas da avaliación | | | |

Índice

3º de ESO

| | |
|---|----|
| 1.Introdución e contextualización._____ | 25 |
| 2.Contribución ao desenvolvemento das competencias clave._____ | 25 |
| 3.Obxectivos xerais da Educación Secundaria Obligatoria._____ | 27 |
| 4.Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación , estándares de aprendizaxe e competencias clave._____ | 28 |
| 5.Temporalización._____ | 37 |
| 6.Grao mínimo de consecución para superar a materia._____ | 38 |
| 7.Procedementos e instrumentos de avaliación._____ | 39 |
| 8.Concrecións metodolóxicas que require a materia._____ | 39 |
| 9.Materiais e recursos didácticos._____ | 40 |
| 10. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado._____ | 40 |
| 11. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente_ | 42 |
| 12. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes._____ | 42 |
| 13. Deseño da avaliación inicial._____ | 43 |
| 14. Medidas de atención á diversidade._____ | 43 |
| 15. Concreción dos elementos transversais._____ | 43 |
| 16. Actividades complementarias e extraescolares._____ | 44 |
| 17. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.____ | 44 |

1. Introducción e contextualización.

3º de ESO

No curso terceiro da ESO esta materia estrutúrase en tres bloques: "**Expresión plástica**", "**Comunicación audiovisual**" e "**Debuxo técnico**". O bloque de "**Expresión plástica**" experimenta con materiais e técnicas diversas na aprendizaxe do proceso de creación. Inténtase darlle ao alumnado unha maior autonomía na creación de obras persoais, axudando a planificar mellor os pasos na realización de proxectos artísticos, tanto propios coma colectivos. Analízanse as características da linguaxe audiovisual desde a cal se realiza a análise crítica das imaxes que nos rodean. Faise, tamén, especial fincapé no uso das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas á imaxe. No bloque titulado "**Debuxo técnico**" trasládanse coñecementos teórico-prácticos sobre formas xeométricas e sistemas de representación, e aplícanse estes coñecementos á resolución de problemas e á realización de deseños.

2. Contribución da área ao desenvolvemento das competencias clave.

3º de ESO

Son aquelas competencias que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego. A LOMCE contempla as seguintes competencias clave:

1. Comunicación lingüística.**1. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.****2. Competencia dixital.****3. Aprender a aprender.****4. Competencias sociais e cívicas.****5. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.****7. Conciencia e expresións culturais.**

Na área de Educación Plástica, Visual e Audiovisual incidiremos no adestramento de todas as competencias de maneira sistemática facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

1. Comunicación lingüística (CL).

Esta área contribúe á adquisición da competencia lingüística na medida que favorece a comprensión e expresión oral e escrita ao promover o coñecemento e a

utilización do vocabulario específico referido á expresión artística e ao explorar diferentes canles de comunicación.

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).

A área é unha oportunidade para utilizar a linguaxe simbólica así como a profundización en aspectos espaciais da realidade e a súa representación gráfica. Tamén na área adéstranse procedementos relacionados co método científico, como son: a observación, a experimentación, o descubrimento, a reflexión e a análise.

3. Competencia dixital. (CD)

Dentro da área aparecen contidos que fan referencia á contorna audiovisual e multimedia dando especial importancia ao uso de ferramentas tecnolóxicas, para a creación de producións audiovisuais

4. Competencia Aprender a aprender (CAA)

Esta materia contribuirá á competencia para aprender a aprender na medida en que favoreza a reflexión sobre os procesos e a propia experimentación creativa, xa que esta implica a toma de conciencia das propias capacidades e recursos, así como a aceptación dos propios erros como instrumento de mellora.

5. Competencias sociais e cívicas (CSC)

Esta área é unha boa ferramenta para potenciar a competencia social e cívica. Na medida que as producións artísticas pódense expor como traballo en equipo, sendo unha oportunidade para fomentar a cooperación, o respecto, a tolerancia, etc. Por outra banda o fomento da creatividade na aula, leva a valorar diversos enfoques e formulacións.

6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Esta área colabora en gran medida na adquisición do sentido de iniciativa e espírito emprendedor xa que en todo proceso de creación hai que converter unha idea nun produto e para iso hanse de desenvolver estratexias de planificación, de previsión de recursos, de anticipación e avaliación de resultados. Este proceso, sitúa ao alumnado ante un proceso que lle obriga a tomar decisións de maneira autónoma. Todo isto, xunto co espírito creativo, a experimentación, a investigación, e a autocrítica fomentan a iniciativa e o espírito emprendedor.

7. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A área de Educación Plástica, Visual e Audiovisual contribúe, especialmente, a adquirir a competencia artística e cultural. Xa que se pon a énfase en ampliar o coñecemento dos diferentes códigos artísticos e na utilización das técnicas e os recursos que lles son propios. O alumnado aprende a mirar, ver, observar e percibir, e desde o coñecemento da linguaxe visual, a apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas. Por outra banda, contribúese a esta competencia cando se experimenta e investiga con diversidade de técnicas plásticas e visuais e é capaz de expresarse a través da imaxe.

3. Obxectivos xerais da Educación Secundaria Obrigatoria

3º de ESO

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a. Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b. Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c. Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d. Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.
- e. Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e da comunicación.

- f. Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g. Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h. Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a houberse, na lingua cooficial da comunidade autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i. Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- j. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k. Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio, e contribuír así á súa conservación e mellora.
- l. Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

4. Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación , estándares de aprendizaxe e competencias clave

3º de ESO

| Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso | | | | |
|--|--|--|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Critérios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| Bloque 1. Expresión plástica | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ d ▪ f ▪ g ▪ n | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Proceso creativo. Métodos creativos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Coñecer e aplicar os métodos creativos gráfico-plásticos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.1.1. Crea composicións aplicando procesos creativos sinxelos, mediante propostas por escrito, axustándose aos obxectivos finais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.1.2. Coñece e aplica métodos creativos para a elaboración de deseño gráfico, deseños de produto, moda e as súas múltiples aplicacións. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ f ▪ g ▪ n | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. O proceso creativo desde a idea inicial ata a execución definitiva. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Crear composicións gráfico-plásticas persoais e colectivas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.2.1. Reflexiona e avalía, oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a execución definitiva. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ f ▪ n | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. A imaxe como representación da realidade. Iconicidade na imaxe gráfica. Niveis de iconicidade. ▪ B1.4. O bosquexo ou apuntamento como estudo previo ao resultado final. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Debuxar con distintos niveis de iconicidade da imaxe. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.3.1. Comprende e emprega os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando bosquejos, apuntamentos, e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Natureza da cor. Cor luz e cor pigmento. ▪ B1.6. Temperatura da cor. ▪ B1.7. Simbolismo da cor. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Identificar e diferenciar as propiedades da cor luz e a cor pigmento. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.4.1. Realiza modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE |

| Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso | | | | |
|---|--|--|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen cias clave |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ n | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.4.2. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.4.3. Realiza composicións abstractas con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións por medio do uso da cor. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ f ▪ g ▪ n | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas. Témpera e lapis de grafito e de cor; colaxe. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.5.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.5.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.5.3. Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.5.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA |

| Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso | | | | |
|---|--|--|---|------------------------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen cias clave |
| | | | táctiles para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais. | |
| | | | ▪ EPVAB1.5.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compoñendoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ EPVAB1.5.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas. | ▪ CSC |
| | | | ▪ EPVAB1.5.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en orde e estado perfectos, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. | ▪ CSC |
| Bloque 2. Comunicación audiovisual | | | | |
| ▪ a ▪ d ▪ f | ▪ B2.1. Percepción visual. Proceso perceptivo. ▪ B2.2. Constantes perceptivas de forma, tamaño e cor. | ▪ B2.1. Identificar os elementos e factores que interveñen no proceso de percepción de imaxes. | ▪ EPVAB2.1.1. Analiza as causas polas que se produce unha ilusión óptica aplicando coñecementos dos procesos perceptivos. | ▪ CAA |
| ▪ a ▪ n | ▪ B2.3. Ilusións ópticas. ▪ B2.4. Leis ou principios da Gestalt. | ▪ B2.2. Recoñecer as leis visuais da Gestalt que posibilitan as ilusións ópticas e aplicar estas leis na elaboración de obras propias. | ▪ EPVAB2.2.1. Identifica e clasifica ilusións ópticas segundo as leis da Gestalt. ▪ EPVAB2.2.2. Deseña ilusións ópticas | ▪ CSC ▪ CCEC |

| Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso | | | | |
|---|---|---|---|--|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | baseándose nas leis da Gestalt. | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ g ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Imaxe en movemento: posibilidades expresivas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Coñecer os fundamentos da imaxe en movemento e explorar as súas posibilidades expresivas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.3.1. Elabora unha animación con medios dixitais e/ou analóxicos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CD |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ f ▪ h | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Linguaxe visual. Signo visual. Significante e significado. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Identificar signifiante e significado nun signo visual. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.4.1. Distingue signifiante e significado nun signo visual. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ f ▪ h ▪ ñ | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Linguaxe da imaxe. Aprender a ler a imaxe. ▪ B2.8. Denotación e connotación. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Describir, analizar e interpretar unha imaxe, distinguindo os seus aspectos denotativo e connotativo. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.5.1. Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe identificando, clasificando e describindo os seus elementos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.5.2. Analiza unha imaxe, mediante unha lectura subxectiva, identificando os elementos de significación, narrativos e as ferramentas visuais utilizadas, sacando conclusións e interpretando o seu significado. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ l ▪ n ▪ ñ ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Fotografía. A fotografía como medio de comunicación. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Analizar e realizar fotografías comprendendo e aplicando os fundamentos desta. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.6.1. Identifica encadramentos e puntos de vista nunha fotografía. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.6.2. Realiza fotografías con distintos encadramentos e puntos de vista, aplicando diferentes leis | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CD |

| Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso | | | | |
|---|---|---|--|--|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen cias clave |
| | | | compositivas. | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.10. Linguaxes visual e audiovisual: funcións e códigos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Utilizar de xeito axeitado as linguaxes visual e audiovisual con distintas funcións. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.7.1. Deseña, en equipo, mensaxes visuais e audiovisuais con distintas funcións utilizando diferentes linguaxes e códigos, seguindo de xeito ordenado as fases do proceso (guión técnico, storyboard, realización, etc.), e valora de xeito crítico os resultados. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ e ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.11. Recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Identificar e recoñecer as linguaxes visuais apreciando os estilos e as tendencias, valorando, e respectando do patrimonio histórico e cultural, e gozando del. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.8.1. Identifica os recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ e ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.12. Publicidade: principais recursos visuais empregados nela. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Identificar e empregar recursos visuais como as figuras retóricas na linguaxe publicitaria. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.9.1. Deseña unha mensaxe publicitaria utilizando recursos visuais como as figuras retóricas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ f ▪ h | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.13. Cine. O cine como medio de comunicación. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.10. Apreciar a linguaxe do cine analizando obras de xeito crítico, situándoas no seu contexto histórico e sociocultural, e reflexionando sobre a relación da linguaxe cinematográfica coa mensaxe da obra. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.10.1. Reflexiona criticamente sobre unha obra de cine, situándoa no seu contexto e analizando a narrativa cinematográfica en relación coa mensaxe. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC |

| Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso | | | | |
|---|---|--|---|--------------------|
| Obxectivos | Contidos | Critérios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i | | | | |
| ▪ e ▪ g ▪ i | ▪ B2.14. Linguaxe multimedia como ferramenta de traballo. | ▪ B2.11. Comprender os fundamentos da linguaxe multimedia, valorar as achegas das tecnoloxías dixitais e ser capaz de elaborar documentos mediante este. | ▪ EPVAB2.11.1. Elabora documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado. | ▪ CD |
| Bloque 3. Debuxo técnico | | | | |
| ▪ b ▪ f ▪ g | ▪ B3.1. Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana. | ▪ B3.1. Coñecer lugares xeométricos e definilos. | ▪ EPVAB3.1.1. Explica verbalmente ou por escrito os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.). | ▪ CCL |
| ▪ b ▪ f ▪ n | ▪ B3.2. Polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos. | ▪ B3.2. Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares. | ▪ EPVAB3.2.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular. | ▪ CAA |
| ▪ b ▪ f ▪ n | ▪ B3.3. Construción de polígonos regulares dado o lado. | ▪ B3.3. Estudar a construción de polígonos regulares coñecendo o lado. | ▪ EPVAB3.3.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo o lado. | ▪ CMCCT |
| ▪ b ▪ e ▪ f | ▪ B3.4. Tanxencias e enlaces. Propiedades e consideracións xeométricas das tanxencias. | ▪ B3.4. Comprender as condicións dos centros e as rectas tanxentes en distintos casos de tanxencia e enlaces. | ▪ EPVAB3.4.1. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando adecuadamente as ferramentas. | ▪ CMCCT |

| Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso | | | | |
|---|--|---|---|------------------------|
| Obxectivos | Contidos | Crterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competen cias clave |
| ▪ g | | | ▪ EPVAB3.4.2. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas, utilizando adecuadamente as ferramentas. | ▪ CA |
| ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g | ▪ B3.5. Tanxencias e enlaces en curvas técnicas: óvalos e ovoïdes. | ▪ B3.5. Comprender a construción do óvalo e do ovoïde básicos, aplicando as propiedades das tanxencias entre circunferencias. | ▪ EPVAB3.5.1. Constrúe correctamente un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior. | ▪ CMCCT |
| ▪ b ▪ f ▪ o | ▪ B3.6. Propiedades e características das tanxencias en óvalos e ovoïdes. | ▪ B3.6. Analizar e estudar as propiedades das tanxencias nos óvalos e nos ovoïdes. | ▪ EPVAB3.6.1. Constrúe varios tipos de óvalos e ovoïdes, segundo os diámetros coñecidos. | ▪ CSIEE |
| ▪ b ▪ f ▪ g ▪ n | ▪ B3.7. Enlaces en curvas técnicas. Espirais: propiedades e características. | ▪ B3.7. Aplicar as condicións das tanxencias e enlaces para construír espirais de dous, tres, catro e cinco centros. | ▪ EPVAB3.7.1. Constrúe correctamente espirais de dous, tres, catro e cinco centros. | ▪ CMCCT |
| ▪ b ▪ f ▪ g ▪ n | ▪ B3.8. Redes modulares: cadrada e triangular. ▪ B3.9. Concepto de simetría, xiro e translación aplicado as composicións modulares. | ▪ B3.8. Estudar os conceptos de simetrías, xiros e translacións aplicándoos ao deseño de composicións con módulos. | ▪ EPVAB3.8.1. Executa deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos. | ▪ CD |
| ▪ b ▪ f ▪ n | ▪ B3.10. Representación obxectiva de sólidos. Introducción aos sistemas de medida e sistemas perspectivivos. Vistas diédricas | ▪ B3.9. Comprender o concepto de proxección e aplicalo ao debuxo das vistas de obxectos, con coñecemento da utilidade das anotacións, practicando sobre as tres | ▪ EPVAB3.9.1. Debuxa correctamente as vistas principais de volumes frecuentes, identificando as tres proxeccións dos seus vértices e as súas arestas. | ▪ CMCCT |

| Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso | | | | |
|---|---|---|--|--------------------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| o | dun sólido. | vistas de obxectos sinxelos e partindo da análise das súas vistas principais. | | |
| b f n o | B3.11. Introducción ás axonometrías e ás súas características. Axonometría cabaleira aplicada a volumes sinxelos. | B3.10. Comprender e practicar o procedemento da perspectiva cabaleira aplicada a volumes elementais. | EPVAB3.10.1. Constrúe a perspectiva cabaleira de prismas e cilindros simples, aplicando correctamente coeficientes de redución sinxelos. | CMCCT |
| b f n o | B3.12. Axonometría isométrica aplicada a volumes sinxelos. | B3.11. Comprender e practicar os procesos de construción de perspectivas isométricas de volumes sinxelos. | EPVAB3.11.1. Realiza perspectivas isométricas de volumes sinxelos, utilizando correctamente a escuadra e o cartabón para o trazado de paralelas. | CCEC |

5. Temporalización

3º de ESO

A contidos da área de Educación Plástica, Visual e Audiovisual agrúpanse en varios bloques.

Os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe formúlanse para o primeiro ciclo de Educación Secundaria.

O alumnado deberá adquirir uns coñecementos e unhas destrezas básicas que lle permitan adquirir unha cultura plástica e visual.

1ª Avaliación: Bloque 1. Debuxo técnico

1. Útiles para o debuxo técnico: emprego da escuadra e o cartabón, representación de ángulos co xogo de escuadras.
2. Operacións con segmentos: trazar un segmento igual a outro, suma e resta de segmentos.
3. Trazado de perpendiculares e paralelas con escuadra e cartabón.
4. Trazado de perpendiculares e paralelas con compás.
5. Ángulos. Clasificación, operacións con ángulos. Suma, resta, divisións.
6. Proporcionalidade: división dun segmento mediante o teorema de Thales.
7. Lugares xeométricos: Mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos.
8. Resolución de trazados con rectas e curvas.
9. Os triángulos: clasificación e trazados.
10. Os cuadriláteros: clasificación e trazados.
11. Os polígonos: tipos de polígonos, concepto de polígono regular.

2ª Avaliación: Bloque 2. Comunicación audiovisual

1. Elementos da comunicación visual: emisor, receptor, mensaxe, código.
2. Significación das imaxes: significante-significado. Símbolos e iconas, iconicidad.
3. Elementos da imaxe e a súa significación. Encadre, formato e composición.
4. proceso de elaboración da mensaxe audiovisual da imaxe fixa á imaxe en movemento.
5. El cómic.

3ª Avaliación: Bloque 3. Expresión plástica

1. Os elementos configuradores da imaxe: o punto, a liña, o plano e o claroscuro.
2. A cor: cores primarias e secundarias, as súas mesturas, gamas de cores cálidas e frías, cores complementarios.

3. As texturas: textura visual e textura táctil.
4. Técnicas para a creación de texturas.
5. Realización dun proceso creativo persoal seguindo as distintas fases: idea inicial, bosquejos, probas, execución definitiva.
6. Avaliación e análise de procesos creativos.
7. A colaxe, distintos procedementos: corte, rasgado, encartado, figuras tridimensionais.
8. Procedementos e técnicas: secas, húmidas e mixtas, utilización e conservación dos materiais, traballo con materiais reciclados.

6. Grao mínimo de consecución para superar a materia

3º de ESO

1. Mostrar sensibilidade polos elementos da linguaxe visual evidenciada en representación de formas da natureza.
2. Distinguir os elementos da linguaxe visual e plástica e as súas relacións sintácticas, en referentes e imáxes.
3. Describir suficientemente formas e espazos mediante dibuxos libres e con aplicacións dos sistemas de representación.
4. Realizar trazados e construcións xeométricas bidimensionais y tridimensionais utilizando con precisión o compás e o xogo de regras.
5. Producir sensación de volumen e espazo en debuxos con perspectiva, claroscuro e superposición.
6. Diseñar signos e mensaxes visuais adecuados a propostas de comunicación diversa.
7. Distinguir ls compoñentes e os recursos e interpretar con acerto mensxes visuais do entorno cotidian.
8. Recoñecer opcións de estruturación e composición de imáxes e obras de arte diversas.
9. Aplicar con coherencia ao mensaxe das propias obras gráfico-plásticas, recursos compositivos diversos.
10. Utilizar a terminoloxía propia da área na identificación e descripción de elementos das imáxes.
11. Obter resultados gráfico-plásticos sensíbles e creativos aplicando técnicas diversas.

12. Traballar con rigor, método e pulcritude.

7. Procedementos e instrumentos de avaliación

3º de ESO

No inicio do curso realizarase unha **avaliación inicial** para detectar as posíbeis carencias básicas ou instrumentais que poidan por en marcha a necesaria atención específica, adaptación curricular ou atención á diversidade. A materia de **educación plástica, visual e audiovisual** é eminentemente **práctica**, polo tanto o corpo fundamental dela basearase no traballo do alumno na **práctica das técnicas** para acadar o axeitado dominio da materia.

Ensino Presencial

- **Procedemento:**

En cada avaliación o profesor terá en conta para a cualificación do alumno todas as anotacións do caderno de seguimento individual do alumnado.

- **Instrumentos:**

A avaliación global consistirá na valoración dos seguintes apartados:

- **Control do traballo diario.**
- **Láminas de traballo.**
- **Actividades na aula e na casa.**
- **Proba escrita.**
- **Actitude e interese:** O comportamento, a toma de notas e a responsabilidade do material requirido.
- **Esforzo:** Predisposición. Realización dos traballos propios da clase e a participación nas actividades extraescolares. Afán de superación.
- **Uso do material:** O alumno coidara e manexará o seu material correctamente. Ás tres faltas baixarase 1 punto na avaliación.
Debido ás circunstancias, este curso escolar **NON se poderá prestar o material dispoñible do aula, por lo que, NON TRAER O MATERIAL a clase ou aos exames, poderá significar, non poder realizalos.**
- **Presentación:** Limpeza e claridade nos traballos. Entrega nos prazos establecidos.

Ensino Semipresencial

- **Instrumentos:**

A avaliación global consistirá na valoración dos seguintes apartados:

- **Control do traballo diario.**

- **Láminas de traballo.**
- **Actividades na aula e na casa.**
- **Proba escrita.**
- **Interese:** O comportamento, a toma de notas e a responsabilidade do material requirido.
- **Actitude:** na aula e no caso das clases online, **conexión ás clases virtuais e participación nas mesmas.**
- **Esforzo:** Predisposición. Realización dos traballos propios dá clase e a participación nas actividades extraescolares. Afán de superación.
- **Uso do material:** O alumno coidara e manexará ou seu material correctamente. Ás tres faltas baixarase 1 punto na avaliación.
Debido ás circunstancias, este curso escolar **NON se poderá prestar o material dispoñible do aula, por lo que, NON TRAER O MATERIAL a clase ou aos exames, poderá significar, non poder realizalos.**
- **Presentación:** Limpeza e claridade nos traballos. Entrega nos prazos establecidos.
- **No caso que polas circunstancias sanitarias, no se puidese entregar na aula,** o alumnado entregará os traballos e/ou láminas vía email.

Ensino Telemática

- **Instrumentos.**
 - Intercambios escritos e orais de material para a execución do proposto con imaxes e vídeos cos alumnos/as a través do correo electrónico, WhatsApp e plataforma Cisco Webex.
 - Exposición dos contidos e imaxes a través das videoconferencias.
 - **Actitude: Conexión ás clases virtuais e participación nas mesmas.**
 - Entrega das actividades propostas na data marcada.
 - Exames feitos de xeito telemática.

8. Concrecións metodolóxicas que require a materia

3º de ESO

Metodoloxía e actividades no caso do ensino presencial

- Exposición oral e gráfica por parte do profesor da unidade didáctica correspondente ou fracción da mesma e resolución das posibles dúbidas que puidera ter o alumnado.

- O alumnado realizará un traballo práctico durante as horas de clase relacionado coa explicación previa, consistente nun exercicio artístico ou na execución de unha lámina en formato DIN A4, no caso de debuxo xeométrico, contando coa asistencia do profesor durante o proceso.
- Recollida dos traballos na data previamente sinalada. No caso que o alumno/a non presente a lámina en dito prazo, será contabilizada como “non presentada” e constará como “0”.
- Corrección dos traballos e resolución das dúbidas que puideran quedar pendentes.
- No caso de que un alumno presentara traballos non satisfactorios, deseñaranse actividades de apoio individualizadas. Segundo o criterio do profesor/a, o alumnado cunha lámina non aprobada, poderá repetir dita lámina para superala.

Metodoloxía e actividades no caso do ensino Semipresencial

Metodoloxía e actividades.

- Na metodoloxía no ensino semipresencial, a parte máis teórica da materia, e exposición das imaxes, se impartirá na aula, así como a resolución de dúbidas das actividades e exercicios propostos, deixando a parte máis práctica de actividades e exercicios, para traballo na casa. No caso que a situación o requirira, se fará esta fase de explicación e aclaración de dúbidas, de xeito telemática a través de Cisco Webex e coa posibilidade que che dá a plataforma de compartir pantalla e unha tableta gráfica pola parte da docente, corríxanse os exercicios en directo e resolveranse as dúbidas con todos os alumnos/ as en liña.
- Explicarase a teoría dos contidos a dar e os procedementos a seguir para levar a cabo moitas das prácticas e exercicios que se farán. Polo tanto, se lle entregará unha batería de actividades ou traballo de investigación para realizar nun prazo determinado. O alumnado terá que entregar devanditos exercicios e traballos realizados, para poder cualificalos, no prazo establecido. No caso que a situación o requirira, se fará esta fase de corrección, de xeito telemática a través de Cisco Webex e coa posibilidade que che dá a plataforma de compartir pantalla e unha tableta gráfica pola parte da docente, corríxanse os exercicios en directo e resolveranse as dúbidas con todos os alumnos/ as en liña.
- Usarase a aula virtual para subir actividades e traballos.
- *No caso, que polas circunstancias actuais, os exames, non se puideran facer na aula, o alumnado o fará dende a súa casa. Se lle enviara ao través no correo electrónico o exame personalizado, o cal terá que reenvialo feito ao través do mesmo xeito á profesora. (ensino semipresencial e telemática)*

Metodoloxía e actividades no caso do ensino Telemático

Metodoloxía e actividades.

- Na metodoloxía no ensino telemática, a parte teórica da materia, así como a resolución de dúbidas das actividades e exercicios propostos, a través de Cisco

Webex e coa posibilidade que che dá a plataforma de compartir pantalla e unha tableta gráfica pola parte da docente, corríxiranse os exercicios en directo e resolveranse as dúbidas con todos os alumnos/ as en liña.

- Explicarase a teoría dos contidos e a exposición das imaxes a dar e os procedementos a seguir para levar a cabo as prácticas, exercicios e traballos de investigación que se farán. Polo tanto, se lle entregará unha batería de exercicios a realizar nun prazo determinado. O alumnado terá que entregar devanditos exercicios realizados, para poder cualificalos, no prazo establecido. Despois de ser entregados, se levará a cabo a corrección e resolución de dúbidas que xurdisen no procedemento. Esta fase de corrección, de xeito telemática a través de Cisco Webex e coa posibilidade que che dá a plataforma de compartir pantalla e unha tableta gráfica pola parte da docente, corríxiranse os exercicios en directo e resolveranse as dúbidas con todos os alumnos/ as en liña.
- Usarase a aula virtual para subir actividades e traballos.
- *No caso, que polas circunstancias actuais, os exames, non se puideran facer na aula, o alumnado o fará dende a súa casa. Se lle enviara ao través no correo electrónico o exame personalizado, o cal terá que reenvialo feito ao través do mesmo xeito á profesora. (ensino semipresencial e telemática)*

9. Materiais e recursos didácticos

3º de ESO

En xeral

- Láminas en branco . Formato DIN A4 e A3.
- Rotuladores, lápices de cores e témperas.
- Lapis brando (HB-2B).
- Goma branda.
- Tesoiras, cola.

Para trazados xeométricos

- Portaminas de 0,5mm (2H)
- Rotulador técnico (0,4 ou 0,5mm)
- Compás
- Escuadra e cartabón
- Regra

Outros recursos didácticos

- Aula de plástica con mesas de debuxo e mesas de traballo.
- Pila de auga con billa.
- Ordenador con canón para as exposicións de SUMARTE AL ARTE.
- Botes de cores (gouache).

- Tórculo de estampar.
- Volumes xeométricos.
- Estatuas de escaiola.

RECURSOS ONLINE

- Conexión a Internet.
- Conta de correo electrónico.
- Cámara web.
- Micrófono.
- Móbil con conexión a Internet.
- Tableta gráfica.
- Aula virtual.

10. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

3º de ESO

- **Criterios de cualificación.**

Cualificación da avaliación:

- **Traballos prácticos** desenvolvidos por cada alumno.
- **Traballo teórico.** Preparación dos temas de arte nas unidades especificadas.
- **A claridade conceptual;** que o alumnos asimilara perfectamente os contidos e saiba manifestalo de forma concluínte.
- **A orixinalidade nas súas creacións;** esta idea vai asociada á anterior xa que se o alumno ha obtido un obxectivo, é capaz de dar unha resposta propia e persoal ao assimilar plenamente o concepto.
- **Limpeza** na execución non só entendida coma xeito técnica se non tamén como efectividade intelectual á hora de se expresar .
- **A actitude na aula,** Traer o material axeitado, traballar de forma precisa, comportamento e atención, trato cos compañeiros e participación. **As faltas de orde** restarán 0.5 puntos por cada unha delas, o alumnado será previamente avisado.
- Para **aprobar unha avaliación,** a nota mínima deberá de ser de 5 puntos sobre 10 e, para facer media o alumnado deberá de ter realizado todos os traballos prácticos se ben, para os alumnado con adaptación curricular , o profesor poderá eximir de algunha lámina .

- Non se recollerá ningún exercicio fora do prazo establecido pola profesora.
- Caso de non cumprirse algún destes requirimentos o alumno será considerado insuficiente. **Non se poderá aprobar a materia de EPVA**, de no haber feito e entregado na data fixada, tódalas láminas propostas en cada unha das avaliacións.
- Realizaranse unha probas en cada avaliación cunha valoración máxima de cada unha de 10 puntos.
- Non haberá exame de **recuperación**.
- **A nota da avaliación** será a media aritmética entre a nota das láminas e/ou traballos, a proba escrita e actitude na clase e coa materia. (táboa)
- A avaliación será continua sempre e cando o alumno presentase todos os traballos, sen embargo, o profesor procurará avaliar o traballo total do curso conxuntamente cos intereses particulares do alumno e a súa situación.
- **O alumnado que non realice as actividades durante o curso, os debuxos non superen o suficiente e os exames non estean superados, deberán realizar para a convocatoria extraordinaria de setembro, unha serie de láminas que no superarán o 50% dos traballos realizados no curso, ademais dun exame con preguntas sobre os conceptos teóricos e prácticos da materia.**

| FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN | PORCENTAXE NA CALIFICACIÓN |
|--------------------------------|----------------------------|
| Traballos prácticos / teóricos | 70% |
| Exames | 20% |
| Actitude | 10% |
| Faltas de orde | -0,5 |

- **Xuño**

Farase un único exame dá materia. Non se gardarán partes aprobadas nin computarase o punto das láminas.

- Realización dun exame que tratará sobre os contidos mínimos e que poderá ter unha valoración máxima de 10 puntos.
- Ademais, o alumnado terá que entregar feitas, as láminas que se lles entregou.

- **A nota da avaliación extraordinaria de setembro**, se fará cunha media entre as láminas entregadas e a proba escrita.
 - **70% Proba escrita**
 - **30% láminas feitas e entregadas.**
 - **Non haberá tanto por cento da actitude.**

Ensino Semipresencial

- **Criterios de cualificación.**

Cualificación da avaliación:

- **Traballos prácticos** desenvolvidos por cada alumno.
- **Traballo teórico.** Preparación dos temas de arte nas unidades especificadas.
- **A claridade conceptual;** que o alumnos asimilara perfectamente os contidos e saiba manifestalo de forma concluínte.
- **A orixinalidade nas súas creacións;** esta idea vai asociada á anterior xa que se o alumno ha obtido un obxectivo, é capaz de dar unha resposta propia e persoal ao assimilar plenamente o concepto.
- **Limpeza** na execución non só entendida coma xeito técnica se non tamén como efectividade intelectual á hora de se expresar .
- **A actitude na aula,** Traer o material axeitado, traballar de forma precisa, comportamento e atención, trato cos compañeiros e participación.
- **A actitude, no caso das clases online, será a conexión ás clases virtuais e participación nas mesmas.**
- Para **aprobar unha avaliación**, a nota mínima deberá de ser de 5 puntos sobre 10 e, para facer media o alumnado deberá de ter realizado todos os traballos prácticos se ben, para os alumnado con adaptación curricular , o profesor poderá eximir de algunha lámina .
- **Non se recollerá ningún exercicio fora do prazo establecido pola profesora.**
- Caso de non cumprirse algún distes requirimentos o alumno será considerado insuficiente. **Non se poderá aprobar a materia de EPVA**, de no haber feito e entregado na data fixada, tódalas láminas propostas en cada unha das avaliacións.
- Realizaranse unha probas en cada avaliación cunha valoración máxima de cada unha de 10 puntos.

- No caso que a proba non se puidera facer na aula, se fará dende a casa. O tempo será limitado e o alumnado deberá que ter a cámara apta de xeito que a profesora poda ver ao alumno/a.
- Non haberá exame de **recuperación**.
- **A nota da avaliación** será a media aritmética entre a nota das láminas e/ou traballos, a proba escrita e actitude na clase e coa materia. (táboa)
- A avaliación será continua sempre e cando o alumno presentase todos os traballos, sen embargo, o profesor procurará avaliar o traballo total do curso conxuntamente cos intereses particulares do alumno e a súa situación.
- **O alumnado que non realice as actividades durante o curso, os debuxos non superen o suficiente e os exames non estean superados, deberán realizar para a convocatoria extraordinaria de setembro, unha serie de láminas que no superarán o 50% dos traballos realizados no curso, ademais dun exame con preguntas sobre os conceptos teóricos e prácticos da materia.**

Semipresencial

| FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN | PORCENTAXE NA CALIFICACIÓN |
|--------------------------------|----------------------------|
| Traballos prácticos / teóricos | 70% |
| Exames | 20% |
| Actitude | 10% |

Ensino Telemática

- **Criterios de cualificación.**

Cualificación da avaliación:

- **Traballos prácticos** desenvolvidos por cada alumno.
- **Traballo teórico.** Preparación dos temas de arte nas unidades especificadas.
- **A claridade conceptual;** que o alumnos asimilara perfectamente os contidos e saiba manifestalo de forma concluínte.
- **A orixinalidade nas súas creacións;** esta idea vai asociada á anterior xa que se o alumno ha obtido un obxectivo, é capaz de dar unha resposta propia e persoal ao assimilar plenamente o concepto.
- **Limpeza** na execución non só entendida coma xeito técnica se non tamén como efectividade intelectual á hora de se expresar .

- **A actitude, no caso das clases online, será a conexión ás clases virtuais e participación nas mesmas.**
- Para **aprobar unha avaliación**, a nota mínima deberá de ser de 5 puntos sobre 10 e, para facer media o alumnado deberá de ter realizado todos os traballos prácticos se ben, para os alumnado con adaptación curricular , o profesor poderá eximir de algunha lámina .
- **Non se recollerá ningún exercicio fora do prazo establecido pola profesora.**
- Caso de non cumprirse algún distes requirimentos o alumno será considerado insuficiente. **Non se poderá aprobar a materia de EPVA**, de no haber feito e entregado na data fixada, tódalas láminas propostas en cada unha das avaliacións.
- Realizaranse unha probas en cada avaliación cunha valoración máxima de cada unha de 10 puntos.
- No caso que a proba non se puidera facer na aula, se fará dende a casa. O tempo será limitado e o alumnado deberá que ter a cámara apta de xeito que a profesora poda ver ao alumno/a.
- Non haberá exame de **recuperación**.
- **A nota da avaliación** será a media aritmética entre a nota das láminas e/ou traballos, a proba escrita e actitude na clase e coa materia. (táboa)
- A avaliación será continua sempre e cando o alumno presentase todos os traballos, sen embargo, o profesor procurará avaliar o traballo total do curso conxuntamente cos intereses particulares do alumno e a súa situación.
- **O alumnado que non realice as actividades durante o curso, os debuxos non superen o suficiente e os exames non estean superados, deberán realizar para a convocatoria extraordinaria de setembro, unha serie de láminas que no superarán o 50% dos traballos realizados no curso, ademais dun exame con preguntas sobre os conceptos teóricos e prácticos da materia.**

Telemática

| FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN | PORCENTAXE NA CALIFICACIÓN |
|--------------------------------|----------------------------|
| Traballos prácticos / teóricos | 70% |
| Exames | 20% |

| | |
|-----------------|-----|
| Actitude | 10% |
|-----------------|-----|

11. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

3º de ESO

O indicador de logro máis importante, para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente, vai ser o resultado, individual e de grupo, de cada avaliación. Cando se reúne a xunta de avaliación, en cada unha das tres avaliacións, cada profesor ve os resultados (non só numéricos, senón de capacidades, estratexias e actitudes) dos alumnos. De cada alumno en particular e do grupo en xeral. A materia de educación plástica e audiovisual é unha materia particular en moitos aspectos: Non hai exames, o traballo desenrólase por proxectos e prácticas na maioría dos casos, a adquisición de coñecementos e a adquisición de destrezas vai da man da práctica cotiá. Tendo en conta o anterior, os resultados na avaliación teñen aspectos particulares nesta materia. Cando os resultados dunha avaliación sexan moi dispares (tendo en conta os aspectos particulares salientados anteriormente) dos do resto das materias, o profesor estudará e tomará as medidas correctoras nas exposicións didácticas e na práctica docente.

12. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

3º de ESO

1. Os alumnos poderán realizar durante o curso **tres traballos** en cada trimestre, co asesoramento para consulta de dúbidas e correccións, do Xefe de departamento.
2. O departamento de Plástica-Debuxo propoñerá os traballos mencionadas no punto anterior baseándose no currículo e os criterios de avaliación da materia de educación plástica e audiovisual de ESO.
3. Unha vez entregado cada traballo na data marcada, o departamento o avaliará, previa comprobación de que o mesmo foi realizado polo alumno.
4. Se os traballos son avaliados positivamente, o departamento decidirá, en función da calidade dos mesmos, se o alumno debe ou non presentarse á proba (ordinaria ou extraordinaria) .
5. Se dous traballos ou máis son avaliados negativamente o alumno deberá presentarse á proba final; no entanto teráselle en conta o traballo realizado.

13. Deseño da avaliación inicial

3º de ESO

O aspecto máis importante da avaliación inicial é a identificación dos coñecementos previos sobre os que se van a construír os novos aprendizaxes.

Dado o carácter esencialmente práctico de esta materia, os coñecementos previos no 1º da ESO necesarios son escasos, polo que o procedemento da realización da avaliación inicial vai a consistir na observación visual directa e personalizada dos primeiros traballos, que se propoñan e recollan no caderno do alumno.

14. Medidas de atención á diversidade

3º de ESO

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento achega do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información achega de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

Identificar aos alumnos ou ás alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe.

Saber as medidas organizativas a adoptar. Planificación de reforzos, ubicación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual.

Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van a empregar.

Analizar o modelo de seguimento que se vai a utilizar con cada un deles.

Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van a avaliar os progresos destes estudantes.

Fixar o modo en que se vai a compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe.

15. Concreción dos elementos transversais

3º de ESO

Respectando o tratamento específico nalgunhas áreas, os elementos transversais, tales como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendimiento e a educación cívica e

constitucional, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

Por outra banda, o desenvolvemento e a aprendizaxe dos valores, presentes en todas as áreas, axudarán a que os nosos alumnos e alumnas aprendan a desenvolverse nunha sociedade ben consolidada na que todos podamos vivir, e en cuxa construción colaboren.

A diversidade dos nosos alumnos e alumnas, cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, hanos de conducir a traballar desde as diferentes potencialidades de cada un deles, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades

16. Actividades complementarias e extraescolares

3º de ESO

Non están previstas actividades complementarias e extraescolares (máis aló das inherentes ó estudio e exercicio da materia por parte do alumno na súa casa). Se deséese a posibilidade de asistir a algunha exposición de interese para a materia aproveitaríase.

17. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

3º de ESO

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado no aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo, propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller mellóralas no seguinte. Dita ferramenta descríbese a continuación.

| ASPECTOS A AVALIAR | A DESTACAR | A MELLORAR | PROPUESTAS DE MELLORA PERSONAL |
|---|------------|------------|--------------------------------|
| Temporalización das unidades didácticas | | | |
| Desenrolo dos obxectivos didácticos | | | |
| Manexo dos contidos da unidade | | | |
| Realización das tarefas | | | |

| | | | |
|--|--|--|--|
| Estratexias metodolóxicas seleccionadas | | | |
| Recursos | | | |
| Claridade nos criterios da avaliación | | | |
| Uso das diversas ferramentas da avaliación | | | |

Índice

4º de ESO

| | |
|--|----|
| 1.Introdución e contextualización._____ | 47 |
| 2.Contribución ao desenvolvemento das competencias clave._____ | 47 |
| 3.Obxectivos xerais da Educación Secundaria Obligatoria._____ | 49 |
| 4.Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación , estándares de aprendizaxe e competencias clave._____ | 49 |
| 5.Temporalización._____ | 56 |
| 6.Grao mínimo de consecución para superar a materia._____ | 56 |
| 7.Procedementos e instrumentos de avaliación._____ | 56 |
| 8.Concrecións metodolóxicas que require a materia._____ | 57 |
| 9.Materiais e recursos didácticos._____ | 58 |
| 10.Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado._____ | 58 |
| 11.Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente. | 59 |
| 12.Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes._____ | 60 |
| 13.Deseño da avaliación inicial._____ | 61 |
| 14.Medidas de atención á diversidade._____ | 61 |
| 15.Concreción dos elementos transversais._____ | 61 |
| 16.Actividades complementarias e extraescolares._____ | 62 |
| 17.Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.____ | 62 |

1. Introducción e contextualización

4º de ESO

Estamos nun mundo globalizado (cada vez máis) onde a cultura e a información plástica e visual son, non só enormes e esenciais, senón na maioría dos casos o elemento central da comunicación ou da relación entre as empresas, as culturas e as persoas individuais.

A imaxe é un elemento esencial nas comunicacións actuais (correos electrónicos, páxinas web, redes sociais, televisión, etc.), razón pola cal a aprendizaxe do seu manexo, comprensión e manipulación son esenciais; e deben ser, polo tanto, o obxectivo central da aprendizaxe dos nosos alumnos.

Neste curso a materia é optativa. Tódolos alumnos teñen xa a base da materia vista en 1º e 3º da ESO. Aproveitaremos para asentarmos os coñecementos e destrezas adquiridas e amplialos cun dobre obxectivo: Moverse mellor no mundo das imaxes, da plástica e da arte e, ademais, introducir xa enfoques encamiñados a futuros estudos artísticos ou de deseño.

2. Contribución da área ao desenvolvemento das competencias clave

4º de ESO

A materia de Educación Plástica e Visual **mantén unha vinculación esencial coa competencia básica nº.6: cultural e artística**. Así, *todos os nosos enunciados a incorporan de forma implícita*. Pero a súa contribución é decisiva para o desenvolvemento das restantes competencias. Destacamos, a continuación, as relacións coas competencias básicas recolleitas nos currículos oficiais.

O carácter integrador dunha materia como a Educación Plástica e Visual fai posible que o seu proceso de ensino/aprendizaxe permita contribuír activamente o desenvolvemento das competencias básicas da Educación Obligatoria.

A competencia que se vincula de forma máis natural a este ámbito de coñecementos é a **competencia artística e cultural**. A nosa materia proporciona un ámbito de vivencias, relacións e coñecementos que fan posible a familiarización cos diferentes códigos artísticos desde o contexto de Galicia e do Estado. Isto implica ampliar as posibilidades de representación mental e coñecemento e, así mesmo, as posibilidades de expresión e creación. Desde as primeiras aprenderá a captar, atender, manter a atención, discriminar, relacionar e apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas, tanto as propias coma as dos demais. Desde as posibilidades expresivas facilítase a comunicación a outros de ideas e sentimentos, a liberación de tensións e a manifestación destas en produtos novos, persoais e orixinais.

O desenvolvemento desta competencia facilitará a **interpretación crítica**, por parte do alumno, de imaxes do ámbito cultural, sendo sensible ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais. Ademais recoñecerá a **importancia dos valores culturais e estéticos do patrimonio** que pode apreciarse en Galicia, o español e o universal, contribuíndo ao seu respecto, conservación e mellora.

Tamén a materia facilita o **desenvolvemento da competencia social e cidadá**. A expresión e creación artística estimula o traballo en equipo e proporciona situacións propicias a traballar o respecto, a **tolerancia**, a **cooperación** e a **flexibilidade**: contribúese á adquisición de **habilidades sociais**. A expresión plástica e visual de emocións e vivencias relacionados cos **dereitos e liberdades cívicos** pode ser un espazo apropiado para o coñecemento e a reflexión sobre situacións de gran valor formativo desde unha perspectiva social afectiva e moral.

O **tratamento da información** e a **competencia dixital** vense enormemente favorecidas polos traballos propios da materia; esta competencia impulsarase con tarefas que poden ir desde a análise de mensaxes do ámbito audiovisual e multimedia ao emprego de medios tecnolóxicos puntuais para expresar e crear.

A Educación Plástica e Visual esixe e facilita o desenvolvemento de **habilidades relacionadas co pensamento científico**: formular hipóteses, observar, experimentar, descubrir, reflexionar, analizar, extraer conclusións e xeneralizar. Tamén require e posibilita o contacto coa natureza e a sensibilización cara a aspectos relacionados coa **conservación, coidado e reciclaxe de materiais** para configurar unha obra persoal. Todo isto implica unha relación clara coas **competencias de coñecemento e interacción co mundo físico**, aprender a aprender e iniciativa e autonomía persoal (que implican aprender a trazar proxectos, a aproveitar recursos, a valorar posibilidades, anticipar resultados e avalialos).

A evolución nos elementos de percepción e estruturación do espazo a través dos contidos de xeometría e da representación das formas coopera de forma significativa a que o alumnado adquira a **competencia matemática**.

Finalmente, a **competencia en comunicación lingüística** relaciónase co desenvolvemento das habilidades e estratexias para o uso da linguaxe verbal como vehículo para expresar as ideas, emocións e sentimentos que a contemplación, a análise e/ou a creación dunha obra plástica e visual levan consigo; así mesmo, fai posible a comunicación na aula á hora de transmitir mensaxes vinculadas a técnicas, materiais e instrumentos. A lectura de textos relacionados con contidos da materia é esencial.

3. Obxectivos xerais

4º de ESO

1. Recoñecer a importancia da imaxe nos medios de comunicación de masas, a súa influencia no pensamento social e actuar de modo crítico ante as mensaxes visuais.
2. Valorar a expresión plástica como medio de expresión artística de sociedades e culturas diferentes. Apreciar a como un xeito de entendemento e concordia entre pobos, valorando as súas similitudes e diferencias.
3. Recoñecer, comprender e valorar as manifestacións da cultura galega, apreciando o patrimonio cultural e contribuíndo á súa conservación e mellora.
4. Sensibilizar o alumnado ante o goce artístico e acadar os recursos suficientes para apreciar as diferentes representacións artísticas.
5. Adquirir e empregar con precisión a terminoloxía específica da linguaxe plástica e visual.
6. Desenvolver o pensamento lóxico e matemático na resolución do proceso creativo aplicado á representación de formas e espazos mediante o emprego das proporcións, da perspectiva e do rigor nos trazados xeométricos.
7. Expresarse con creatividade, utilizando as diversas ferramentas e técnicas plásticas e visuais, relacionándoas con outras linguaxes e aplicando nas súas creacións as tecnoloxías da información e da comunicación máis axeitadas.
8. Utilizar a linguaxe plástica para expresar emocións e sentimentos, vivencias e ideas, contribuíndo á comunicación, reflexión crítica e respecto entre as persoas.
9. Planificar e reflexionar, de forma individual ou colectiva, sobre o proceso de realización dun obxecto partindo duns obxectivos prefixados e revisar e valorar, ao final de cada fase, o estado do seu desenvolvemento.
10. Aplicar as distintas técnicas de traballo cooperativo fomentando a responsabilidade e favorecendo o diálogo e a comunicación.
11. Establecer unha actitude positiva ante os novos retos, admitindo os erros e valorando os acertos como parte do proceso de formación do individuo.

4. Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación , estándares de aprendizaxe e competencias clave

4º de ESO

| Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO | | | | |
|---|---|---|--|--|
| Obxectivos | Contidos | Critérios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| Bloque 1. Expresión plástica | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. A linguaxe plástica e visual na creación da composición artística. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Realizar composicións creativas, individuais e en grupo, que evidencien as capacidades expresivas da linguaxe plástica e visual, desenvolvendo a creatividade e expresándoa preferentemente coa subxectividade da súa linguaxe persoal ou empregando os códigos, a terminoloxía e os procedementos da linguaxe visual e plástica, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.1.1. Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ g ▪ n | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Leis da composición. ▪ B1.3. Leis da composición: movemento, ritmo e liñas de forza. ▪ B1.4. Cor como ferramenta simbólica. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Realizar obras plásticas experimentando e utilizando diferentes soportes e técnicas, tanto analóxicas coma dixitais, valorando o esforzo de superación que supón o proceso creativo. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.2.1. Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.2.2. Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.2.3. Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ e ▪ g ▪ n | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Técnicas de expresión gráfico-plásticas. Experimentación con diversos materiais. ▪ B1.6. Interese pola investigación sobre materiais, soportes, técnicas e ferramentas con fins concretos, así como a utilización das tecnoloxías da | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Elixir os materiais e as técnicas máis axeitadas para elaborar unha composición sobre a base duns obxectivos prefixados e da autoavaliación continua do proceso de realización. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSIEE |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSIEE ▪ CAA |

| Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO | | | | |
|---|---|---|--|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | <p>información nas creación propias.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Iniciativa, creatividade e autoesixencia no proceso de produción propio. | | <p>expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.</p> | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CD |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ e ▪ g ▪ n | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Seguimento do proceso de creación: bosquexo, proxecto, presentación final e avaliación (reflexión propia e avaliación colectiva). ▪ B1.9. Elaboración de proxectos plásticos de forma cooperativa. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Realizar proxectos plásticos que comporten unha organización de forma cooperativa, valorando o traballo en equipo coma fonte de riqueza na creación artística. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC |
